

María Lopo

Doutora en Literatura Francesa pola Universidade Rennes 2-Haute Bretagne, é autora de estudos, edicións e traducións sobre literatura francófona contemporánea, especialmente poesía francesa e celtismo literario. Interesada polas culturas do exilio republicano e por María Casares, editou con Baía Edicións a correspondencia entre Casares Quiroga e María Casares no libro 'Cartas no exilio' (2008) e co Consello da Cultura Galega, o volume 'O tempo das mareas. María Casares e Galicia' (2016)

Emilio Grandío

Emilio Grandío. Profesor Titular de Historia Contemporánea da USC. Especialista na II República, primeiro franquismo e transición democrática, traballa actualmente sobre a intervención exterior na península Ibérica tras a II Guerra Mundial, o exilio franquista e partidos políticos na transición democrática. Autor de varios artigos e libros sobre Casares Quiroga (como as monografías Casares Quiroga. Discursos Parlamentarios ou Casares Quiroga. La forja de un líder). Responsable da musealización da Casa Museo Casares Quiroga.

Matilde Blanco

Nacida na Coruña, é licenciada en Arte Dramático polo Centro de Arte Dramático e Danza da Coruña e diplomada en dirección teatral en Almagro. Actriz de teatro dende 1979 en compañías como Escola Dramática Galega, Teatro do Atlántico, O Moucho Clerc, Teatro do Noroeste, CDG ou Andrómena Teatro. No audiovisual, traballou en series, cine e en dobraxe. Dirixiu en compañías como o Círculo Lírico Calderón, Caramuxa ou Andrómena. Durante 21 anos foi profesora de interpretación e directora teatral no Forum Metropolitano da Coruña.

Gonzalo Uriarte

Actor e primeiro presidente fundador da AAAG. Pioneiro na profesionalización do teatro en Galicia, traballou en compañías como Troula, o Centro Dramático Galego, Teatro do Atlántico, Teatro do Morcego ou Teatro do Aquí. Entre as súas distincións, destacan galardóns como o Premio María Casares ao actor protagonista por A noite das Tribades, o Premio Maruxa Villanueva ou o Premio de Honra Marisa Soto. A súa produción audiovisual inclúe películas como A lingua das bolboretas, O lapis do Carpinteiro e Trece Badaladas.

María Casares

Nacida na Coruña o 21 de novembro de 1922, filla de Santiago Casares Quiroga e Gloria Pérez. En 1931 trasladouse a Madrid ao ser nomeado seu pai ministro da II República. Aquela marcha foi o primeiro dos seus exilios. O segundo chegaría en 1936, cando parte na compañía da súa nai a Francia. Instálase en París e inicia a súa carreira en 1942 con 'Deirdre des doulerus', dirixida por Marcel Herrand. Desvélese como gran referente do teatro galo, convértese en actriz da Comédie-Française e do Théâtre National Populaire e participa en fitas como Les enfants du paradis. Mantén unha relación amorosa e intelectual con Albert Camus. Falece en 1996.

Santiago Casares Quiroga

Nado na Coruña en 1884, foi fillo do alcalde da Coruña Santiago Casares Paz e de Rogelia Quiroga Moredo. Participou na creación de ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma). Coa chegada da II República, foi nomeado ministro da Mariña no goberno provisional e no goberno de Azaña, ministro da Gobernación. Tras a vitoria da Fronte Popular, foi nomeado ministro de Obras Públicas primeiro e despois, presidente do goberno ao pasar Azaña á xefatura de Estado. Tras o golpe militar de 1936, dimitiu e marcha ao exilio. Faleceu en Francia en 1950.

Gloria Pérez

Nacida na Coruña en 1893, é filla de Pilar Pérez Corrales e dun militar apelidado Asensio. A nai de Gloria era cigarreira, o que nos leva a un mundo obreiro feminino emblemático da Coruña: o da Fábrica de Tabacos da Palloza. En 1920, casa con Casares Quiroga. Dous anos despois, nace a súa única filla, María, e en 1931 trasládase a vivir a Madrid. Marcha ao exilio con María en 1936. As dúas converten o seu domicilio en París en refuxio para exiliados. Falece en 1946.

ROTEIRO MARÍA CASARES

As súas orixes na Coruña



Ano Internacional
María Casares

1. Casa Museo Casares Quiroga: Familia e infancia, espolio

Rúa Panaderas, 12. Casa familiar da familia Casares Quiroga. Entre este domicilio e Montrove, pasa María a súa infancia. A casa sufriu o espolio tras o golpe militar de 1936. Foi reconvertida en Casa Museo no ano 2007.

2. Relleno: Espazo urbano e sociabilidade

Na contorna do Obelisco, atopamos puntos de referencia para a vida dos Casares. O Casino Republicano atopábase no Cantón Grande, María Casares pasea e xoga na súa infancia no Relleno.

3. Teatro Rosalía Castro: Obreirismo e familia materna

Rego da Auga, 37. O Rosalía, ao igual que o desaparecido Teatro Circo Pardo Bazán, acolleu diversos mitins das cigarreiras. Aproveitamos o espazo para analizar a familia materna vinculada ao obreirismo.

4. Praza María Pita: Burguesía e republicanismo

Na Praza de María Pita atópase o Concello da Coruña. O pai de Casares Quiroga foi concelleiro da cidade e seu pai, Santiago Casares Paz, alcalde en 1917. A Praza, ademais acolleu a proclamación da II República.

5. Casa dos Varela: Esther Casares Quiroga e represión

Na Rúa Franja, 16. Esther, a irmá maior de María Casares, non puido saír da Coruña dirección ao exilio. Estivo no Cárcere da Coruña e despois,

até 1950, viviu en arresto domiciliario na casa da familia do seu marido, Enrique Varela, quen si se dera exiliado en México.

6. A Dársena: Exilio e As Mareas

Rematamos o Roteiro na Dársena, aos pés do mar, como símbolo para falar do exilio que viviron tanto os pais como María Casares. A actriz mantivo a súa condición de exiliado ao longo da súa vida.



Organiza:



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Colabora:



Asociación de
actores e actrices
de Galicia

www.coruna.gal/web/gl/maria-casares

www.aaag.gal